

| | |
|--|--|
| Denominación do ficheiro | Terceiros. |
| Descrición da súa finalidade e usos previstos | Pagamento de bens subministrados e servizos prestados. |
| Colectivos sobre os que se pretende obter datos ou que resulten obrigados a subministrálos | Terceiros que subministran bens ou prestan servizos. |
| Orde de creación/modificación do ficheiro | Orde do 19-5-2004, pola que se regulan os ficheiros de datos de carácter persoal da Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local, nº 102 DOG. |
| Motivos da supresión | Reestruturación orgánica e dos ficheiros de carácter persoal da Xunta de Galicia. |
| Destino dos datos ou previsións que se adopten para a súa destrución | Inclusión no ficheiro «Relacións económicas e comerciais coa cidadanía, terceiros e entidades» creado por esta orde. |

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

Orde do 16 de marzo de 2011 de aprobación definitiva da modificación puntual das normas subsidiarias de planeamento de Monforte de Lemos na zona de Aceña Nova -río Cabe- Cobas, para a construción dunha ponte nova.

O Concello de Monforte de Lemos remite o referido proxecto de modificación puntual, para os efectos de obtención da aprobación definitiva prevista no artigo 85°.7 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, en adiante LOUG.

O concello envía tres exemplares debidamente dilixenciados conforme son os aprobados provisionalmente. O proxecto, redactado polo arquitecto José Luis Sanmiguel Guerreiro, datado en xaneiro de 2010 e con visado do COAG do 25 de maio de 2010, está integrado por memoria e planos. Xuntan tamén un exemplar do expediente administrativo municipal composto de 178 folios.

I. Antecedentes.

Respecto da tramitación administrativa, constan no expediente as seguintes actuacións:

1. Decisión do 26 de marzo de 2009, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible, sobre a non necesidade de sometemento á avaliación ambiental estratéxica prevista dentro do procedemento integrado de aprobación dos instrumentos de planeamento urbanístico.

2. A Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo emitiu informe sobre esta modificación o 23 de xullo de 2009 e sinalou varias observacións.

3. O 5 de xullo de 2010, esta secretaría xeral emitiu informe favorable.

4. Certificación do secretario xeral municipal do 20-7-2010, da aprobación inicial da modificación mediante acordo adoptado polo Pleno do concello na súa sesión do 19 de xullo de 2010.

5. Cumpriuse co trámite de información pública mediante anuncios nos xornais *La Voz de Galicia*, os días 21 de xullo e 15 de agosto de 2010, e *El Progreso* os días 21 de xullo e 16 de agosto de 2010; así como no DOG do 27 de xullo e no do 23 de agosto de 2010 cunha corrección de erros. Non se presentaron alegacións.

6. Informe favorable da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural do 18 de outubro de 2010.

7. Informe favorable da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil do 27 de setembro de 2010.

8. Informe técnico do aparelador municipal emitido o día 4 de xuño de 2010, sobre a calidade técnica da ordenación proxectada para os efectos do establecido no artigo 85°.1 da LOUG.

9. Informe respecto da conformidade do plan coa lexislación vixente emitido polo secretario xeral do pleno o día 4 de xuño de 2010.

10. Certificación do secretario xeral do Pleno do Concello do 28 de novembro de 2010, relativa á aprobación provisional desta modificación puntual, mediante acordo adoptado polo Pleno do Concello na súa sesión do 4 de novembro de 2010.

11. Deuse audiencia aos concellos limítrofes: Quiroga, Bóveda, Pantón, O Saviñao, Sober, A Pobra de Brollón e Castro Caldelas, tal como exige o artigo 85°.2, en relación co artigo 93°.4 da LOUG.

12. A Comisión Superior de Urbanismo, na súa sesión do 2 de marzo de 2011, acordou emitir informe favorablemente sobre a modificación puntual, ao abeiro do establecido no artigo 94°.4 da LOUG.

Á vista do indicado constátase que o expediente cumpre, respecto da documentación e tramitación administrativa, as determinacións contidas nos artigos 85° e 93°.4 da LOUG.

II. Análise e consideracións.

Logo de analizar a documentación remitida polo concello e vista a proposta literal que nesta mesma data eleva a Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, púidose observar:

Monforte de Lemos dispón dunhas normas subsidiarias de planeamento de ámbito municipal -en diante NSP-, aprobadas definitivamente o 1 de outubro de 1985.

A modificación varía o trazado da futura vía de enlace entre a rúa Aceña Nova e o Camiño de Cobas (en parte sobre o río Cabe) -que pasa dos 10 metros previstos nas NSP a 12 metros no tramo da futura ponte e a 15 metros no resto-, ao tempo que amplía

o tramo da rúa Acea Nova máis próximo á vía antedita -que pasa dos 10 metros das NSP a 15 metros.

Complementariamente reclasifica como solo urbanizable unha porción duns 942 m² na marxe oeste da nova vía -clasificada como solo urbano e destinada a vías e a dotación polas NSP-, e propón unha nova vía en fondo de saco próxima ao extremo oeste do campo de fútbol dos Escolapios.

A ordenación resultante implica unha diminución duns 1.239 m² de superficie edificable lucrativa en relación coa derivada da ordenación vixente; mentres que a superficie global dotacional (zonas verdes e equipamento) aumenta en 75 m² de solo.

A finalidade principal da modificación é a de permitir a construción dunha nova vía -en parte configurada como ponte- cun trazado rectilíneo e máis ampla que a prevista nas NSP.

De conformidade co artigo 89º da LOUG, e o artigo 3º do Decreto 83/2009, do 21 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia, a competencia para resolver sobre a aprobación definitiva dos plans xerais de ordenación municipal correspóndelle ao conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

III. Resolución.

Visto canto antecede,

RESOLVO:

1º Aprobar definitivamente a modificación puntual das NSM do Concello de Monforte de Lemos, na zona de Aceña Nova -río Cabe-Cobas, de acordo co artigo 85º.7 a) da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

2º Contra esta orde cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, que se contarán desde o día seguinte ao da súa publicación, segundo dispoñen os artigos 10º e 46º da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

3º De conformidade co disposto polos artigos 92º da Lei 9/2002 e 70º da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, o concello deberá publicar no BOP a normativa e ordenanzas da modificación aprobada definitivamente.

4º Notifíquese esta orde ao concello e publíquese no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 16 de marzo de 2011.

Agustín Hernández Fernández de Rojas
Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio
e Infraestruturas

Orde do 16 de marzo de 2011 de aprobación definitiva do proxecto de modificación puntual número 10 do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Lalín, para reclasificar un ámbito de solo urbanizable comercial-industrial en Catasós.

O Concello de Lalín remite o proxecto de modificación puntual referido, conforme o artigo 85º.7 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

I. Antecedentes.

1. O Concello de Lalín dispón, na actualidade vixente, de Plan Xeral de Ordenación Municipal, aprobado o 5 de febreiro de 1999.

2. En relación co desenvolvemento de solo industrial, aprobáronse as seguintes figuras de planeamento:

-MP PXOM polígono Lalín 2000 centro de transportes. AD 28 de setembro de 1999. BOP do 26 de outubro. Expediente 52/99 (385.567 m²).

-PP para ampliación do Parque Empresarial Lalín 2000. AD 27 de novembro de 2001. BOP do 22 de xaneiro de 2002. DOG do 30 de xaneiro. Expediente 6/01 (18.300 m²).

-MP nº 4 PXOM. AD Pleno do 27 de agosto de 2002; BOP do 23 de setembro; DOG do 4 de outubro. Expediente 20/02 (33,30 ha).

-Modificación puntual do plan parcial para a ampliación do Parque Empresarial Lalín 2000, 3ª fase. AI 4 de febreiro de 2010-11 de febreiro de 2010. DOG do 12 de febreiro. AD 1 de xullo.

-Plan de sectorización modificado para a ampliación do parque empresarial Lalín 2000 (4ª fase). AI 11 de setembro de 2007. DOG do 24 de setembro. BOP do 24 de setembro. AD 1 de xullo de 2010.

3. A documentación remitida está integrada por:

a) Tres exemplares da modificación puntual que inclúen informe de sustentabilidade ambiental (ISA) e estudo ambiental (EA) redactados polo arquitecto Javier Bugallo Thielen, e informe de infraestruturas: área empresarial de Catasós, redactado por *Noega Ingenieros, S.L.*, con data de xuño de 2010.

b) Expediente en que se inclúen os seguintes informes:

-Sobre a suficiencia e conexións das redes de servizos: da empresa concesionaria de abastecemento e saneamento Espina y Delfín dos días 23 de decembro de 2008 e 28 de maio de 2010; sobre os servizos de telecomunicacións, de Telefónica do 21 de xaneiro de 2009 e de R do 25 de febreiro; da empresa concesionaria da recollida de lixo UTE Lalín de 19 de febreiro; e de GasGalicia do 15 de xullo, sobre a non afección do proxecto ás redes existentes.

-Arquitecto técnico do 24 de febreiro de 2009, 24 de xullo e 29 de novembro de 2010.